



## PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, indica o seguinte en relación coa PROMOCIÓN do alumnado:

“O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, *poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa*”.

- Ao rematar cada un dos cursos de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, **o equipo docente** do grupo decidirá sobre a promoción do alumnado na última sesión de avaliación. A decisión será *consensuada*, tendo en conta os criterios de promoción e *priorizando a decisión do profesor/a titor/a*.
- *A decisión da non promoción* considérase unha medida *excepcional*, que se tomará tras agotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe.
- No caso dunha non promoción dun alumno/a, os pais ou tutores legais serán informados polo profesor titor/a antes da sesión final de avaliación. As súas consideracións serán tidas en conta na xunta de avaliación pero non serán vinculantes na decisión tomada polo equipo docente.



O equipo docente adoptará a decisión correspondentes sobre a promoción do alumnado segundo **as seguintes premisas** con carácter xeral:

1. Para avaliar cada unha das diferentes áreas aplicaránse os criterios de avaliación establecidos nas programacións didácticas e se valorará o grao de adquisición das competencias correspondentes.
2. Cando se aprecien nalgún alumno/a dificultades de aprendizaxe con algunha materia avaliada negativamente, o titor/a ou o profesor/a que imparte clase nesa materia, adoptará as medidas educativas necesarias que axuden ao alumno/a a acadar os obxectivos programados.
3. A aplicación dos criterios de promoción será **flexible**, xa que ademais de ter en conta o grao de adquisición das competencias e consecución dos estándares de aprendizaxe valoraremos:
  - a. A **madurez do alumno**, é decir, o desenvolvemento alcanzado polo alumno que necesita para continuar con aproveitamento o seu proceso de ensinanza no curso ou etapa seguinte.
  - b. As características, posibilidades e intereses dos alumnos en relación co que se considera a mellor opción para que poida acadar as finalidades da etapa.
  - c. A conveniencia ou non da separación do alumno/a do grupo no que se atopa coas repercusións negativas ou positivas que esta medida poida ocasionar segundo a súa integración no grupo, os seus intereses...



4. Como norma xeral, o alumno só pode permanecer un ano máis na Educación Primaria. Para alumnos con NEE poderíamos aplicar a *flexibilidade da escolaridade* tal como recolle o *art 27 da orde do 27 de decembro de 2002* (DOG 30/1/03) no que se establece que se poderá aumentar excepcionalmente nun ano a permanencia dun alumno/a en Educación Primaria con respecto do disposto con carácter xeral.

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

---

1. O alumnado con avaliación positiva en todas as áreas promocionarán automaticamente ao curso ou etapa seguinte.
2. Os alumnos/as promocionarán ao nivel ou a etapa seguinte cun máximo de 3 materias avaliadas negativamente.
  - Se un alumno é avaliado negativamente en 3 materias, sendo éstas: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas non promocionará ao curso ou etapa seguinte.

Estes criterios serán aplicados de **forma flexible** tal como se dixo anteriormente e tendo en conta sobre todo o **criterio de madurez** segundo o cal promocionará o alumno que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes que lle permitan proseguir con aproveitamento os estudos de curso ou etapa seguinte.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Avda Mac Mahón, s/n 15403 Ferrol  
Tfno.: 881 93 02 10 / 18  
Depto. de Orientación 881 93 02 13  
E-mail: [ceip.isaac.peral@edu.xunta.es](mailto:ceip.isaac.peral@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal/>

No que refire ao **alumnado con necesidades específicas** de apoio educativo, segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será avaliado tomando como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, se o precisa, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando un alumno/a teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en dita adaptación.